



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ORDEN HOSPITALARIA DE SAN JUAN DE DIOS (HOGAR Y CLINICA SAN RAFAEL), PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E DE PREVENCIÓN E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA DESTINADOS ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE , PARA O EXERCICIO 2021

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991).

Doutra parte:

Don Daniel Juan Vieitez Solla, con DNI 36105377T, que actúa en nome e representación da **Orden Hospitalaria de San Juan De Dios (Hogar Y Clinica San Rafael)** en adiante Hogar y Clínica San Rafael, con NIF R3600336F, de acordo co poder outorgado o 27 de decembro de dous mil dezaioito.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para que no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.



II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 216/2020, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

IV. Que Hogar y Clínica San Rafael, entidade relixiosa de iniciativas social, figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-0132, e ten por finalidade a atención integral á persoa con discapacidade intelectual, fomentando o seu desenvolvemento persoal, social e laboral.

A través dunha atención formativa e habilitadora integral trata de conseguir a habilitación social e laboral das persoas con discapacidade.

V. Actualmente faise preciso establecer medidas orientadas á prevención da situación de dependencia e promoción da autonomía persoal das persoas adultas en situación de dependencia, e as súas familias, mediante unha atención integral personalizada.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social subscribir un convenio de colaboración coa entidade Hogar y Clínica San Rafael para o financiamento dos gastos derivados da execución de actividades e programas de promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia destinados ás persoas con discapacidade, para que as persoas con discapacidade desenvolvan as súas capacidades e poidan levar unha vida o máis autónoma posible e integrada na sociedade.

VI. Que conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, Hogar y Clínica San Rafael é unha organización sen ánimo de lucro, que desenvolve no ámbito da Comunidade Autónoma galega programas e actuacións para a mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual, dispoñendo da experiencia, capital humano e medios axeitados para desenvolver esa atención.





Tendo en conta a actual situación sanitaria, faise preciso o desenvolvemento dun proxecto de actividades acorde coas necesidades dos usuarios do centro no contexto epidemiolóxico actual. A todos os cambios que sufriron no seu día a día, para adaptarse á situación hai que engadir as restricións sufridas nas visitas, saídas domiciliarias, e saídas fóra do Centro. Trátase dun proxecto de actividades (Plan Resistiremos 2021) que minimize as consecuencias da situación. Dito proxecto céntrase en actividades desvoltas no interior do centro nos períodos con saídas limitadas e noutras no exterior cando as saídas estean permitidas. Inclúe actividades de formación, socio-sanitarias, de respiro, deportivas e de lecer.

VII. Que o presente convenio realízase ó abeiro do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, desenvolvida polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e terá carácter de subvención de concesión directa por mor do seu carácter singular. A especificade vén determinada pola exclusividade do proxecto (Plan Resistiremos 2021), deseñado para a súa implantación exclusiva no centro residencial ao necesitar integrarse dentro da programación ordinaria do propio centro. Por esta razón, Hogar y Clínica San Rafael é a única entidade que, sendo coñecedora das necesidades individualizadas dos usuarios do seu centro e atendendo ás posibilidades de mellora dos mesmos, pode integrar na actividade diaria do dito centro as actuacións do proxecto a subvencionar a través deste convenio, o que dificulta a súa convocatoria pública.

Así mesmo, as actuacións a subvencionar, a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, na área específica da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, a exclusividade do proxecto, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para levar a cabo programas de promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia destinados ás persoas con discapacidade .

CLÁUSULAS





PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente convenio é o financiamento dos gastos derivados da execución de actividades e programas de promoción da autonomía persoal e de prevención e atención á dependencia destinados ás persoas con discapacidade, para que desenvolvan as súas capacidades e poidan levar unha vida o máis autónoma posible e integrada na sociedade.

O proxecto que se desenvolve é o Plan Resistiremos 2021, co que se trata de minimizar os efectos da actual situación sanitaria nos usuarios.

SEGUNDA. Actuacións subvencionables

O proxecto contempla actividades desenvolvidas no interior do centro, ou con saídas cando estén permitidas: Trátase de actividades, que abarcan distintas áreas:

1. Actividades de formación en prevención da COVID-19, na que se fai especial fincapé nas diversas medidas de prevención, como o lavado de mans, uso correcto de máscaras e distanciamento social.
2. Atención sociosanitaria, co obxectivo de achegarlles aqueles servizos que non están ao seu alcance, cando non poidan saír das instalacións.
3. Programa de respiro, pensado para aqueles usuarios que non teñen a posibilidade de acudir aos seus domicilios familiares, por carecer de familia ou porque a situación desta o impide. Cando as restriccións de mobilidade o permiten, realízanse saídas con pernoita a establecementos hostaleiros ou de turismo rural.
4. Taller de novas tecnoloxías, no que se ensina aos usuarios o manexo de diversas ferramentas e aplicacións, con especial atención a aquelas de videoconferencia ou mensaxería, para que eles poidan utilizalas nas súas comunicacións coas súas familias e amigos.
5. Música

TERCEIRA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco deste convenio ten previsto desenvolver Hogar y Clínica San Rafael é de 253.476,38 euros.

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social achegará **dous centos trinta e tres mil doce euros (233.012,00 €)** que serán imputados á aplicación orzamentaria 13.04.312E.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.



CUARTA. Obrigas da entidade

1. O Hogar y Clínica San Rafael deberá cumprir todas as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiario previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

b) Acreditar a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedinte, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle á Consellería de Política Social a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do convenio e nos lugares onde estas se realicen “subvencionado pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social” co seu respectivo logotipo.

i) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Así mesmo, a entidade deberá cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

QUINTA. Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, no suposto de oposición expresa á comprobación pola Administración, tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

b) Declaración responsable, subscria polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SEXTA. Compatibilidade con outras axudas

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.





SÉTIMA. Forma de pagamento

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 80% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 20% restante farase efectivo unha vez rematadas tódalas actividades do convenio e aportando a documentación indicada na cláusula oitava.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte do interesado, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA. Gastos subvencionables

O importe da subvención destinarase a cubrir gastos de persoal e gastos correntes así como outros gastos da mesma natureza derivados da execución das actividades recollidas na cláusula segunda deste convenio.

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2021**.

En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable o gasto de persoal adscrito á execución do convenio, así como o gasto corrente directamente relacionado coa actividade subvencionada.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos del sector público, pola que se transpoñen ao





ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo y do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas características non exista no mercado suficiente numero de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade a solicitude da subvención.

NOVENA. Xustificación

Considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados, e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do provedor.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000,00 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor.

A presentación da conta xustificativa levarase a cabo unha vez rematadas todas as actividades do convenio e en todo caso con data límite 10 de decembro do 2021, aportando a seguinte documentación, conforme ao previsto nos artigos 48 e 50 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro:

a) Unha memoria final das actuacións desenvolvidas en execución dos programas a subvencionar a través deste convenio, con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa dos mesmos, nº de persoas beneficiarias en cada actividade, e demais aspectos que se consideren relevantes.

b) Unha memoria económica abreviada xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- Unha ficha resumo dos gastos de persoal e do resto dos gastos.

- Unha relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento. No caso



dos gastos realizados con medios ou recursos propios, indicaranse os criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación.

- Especificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas pola entidade.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada obxecto deste convenio, con indicación do importe e a súa procedencia, xa sexa de entes públicos ou privados.
- Os 3 orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de suposto de gastos de importe superior a 15.000 € pola prestación de servizos de consultaría ou asistencia técnica, deba ter solicitado o beneficiario.
- Se for o caso, a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.

c) A revisión da parte da conta xustificativa integrada polas facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pagamento será efectuada por un **auditor de contas** inscrito como exercinte no Rexistro Oficial de Auditores de Contas dependente do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, designado pola entidade beneficiaria.

A estes efectos, aportarase o **informe da revisión efectuada polo auditor de contas**, que se estenderá á totalidade da conta xustificativa, e que como mínimo deberá deixar constancia dos seguintes extremos:

- Adecuación da natureza do gasto xustificado, tanto en relación ás actuacións subvencionadas en execución do convenio previstas na cláusula primeira, como en relación aos conceptos de gasto considerados como subvencionables.
- Verificación da relación clasificada e debidamente agrupada dos gastos citada no apartado b), conforme coincide coa documentación xustificativa destes e coa documentación acreditativa do seu pagamento, con indicación dos reparos correspondentes. Conforme ao previsto no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria da subvención deberá marcar cun selo ou sistema similar de marcado, os documentos orixinais xustificantes do gasto, indicando "Subvencionado pola Consellería de Política Social" e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención, indicando neste último caso a porcentaxe ou contía que se imputa.





- Verificación do cumprimento do disposto na cláusula décimo primeira en relación coas actividades subcontratadas, no seu caso.
- Indicación do importe, desagregado por partidas e global, correctamente xustificado, tanto en relación á xustificación do gasto como do seu pagamento, conforme ás previsións contidas nesta cláusula e na cláusula sétima deste convenio.
- Verificación das desviacións producidas sobre as cantidades inicialmente orzamentadas.
- Verificación do importe global percibido pola entidade como ingresos en concepto de subvencións, tanto de entes públicos como privados, e aplicado o financiamento das actuacións obxecto do convenio, e que este non supera o gasto total xustificado.

A persoa beneficiaria da subvención estará obrigada a pór a disposición do auditor de contas cantos libros, rexistros e documentos lle sexan esixibles en aplicación do disposto no artigo 11.f da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como a conservarlos co obxecto das actuacións de comprobación e control previstas na lei.

O gasto derivado da revisión da conta xustificativa poderá ter a condición de gasto subvencionable.

En todo caso o prazo para a presentación da conta xustificativa da subvención deste convenio rematará o día 10 de decembro de 2021. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Excepcionase desta previsión a presentación da documentación xustificativa do pagamento das nóminas de decembro, TC's da Seguridade Social de novembro e decembro e IRPF correspondentes ao cuarto trimestre do ano 2021, que se presentará mediante adenda ao informe da auditoría na primeira quincena de febreiro de 2022.

Con carácter previo a calquera pagamento consultarase o cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendentes de pagamento débedas coa AEAT nin coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia ou de ser debedor por resolución de procedemento de reintegro, salvo oposición expresa da entidade. De opoñerse expresamente á consulta terá que achegar os certificados de cumprimento de obrigas tributarias previo a calquera pagamento, se é o caso.

Toda a documentación xustificativa das actividades subvencionadas no marco deste convenio deberá ser asinada pola persoa representante da entidade Hogar y Clínica San Rafael .





DÉCIMA. Incumplimentos, reintegros e sancións

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que non se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social poderá apreciar un incumplimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumplimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumplimento superara o 65% da actividade a subvencionar a través deste convenio, entenderase que dito incumplimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

DÉCIMO PRIMEIRA. Inexistencia de relación laboral

Hogar y Clínica San Rafael queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas. A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.

Hogar y Clínica San Rafael asume a responsabilidade respecto do persoal que asume as obrigas de levar a cabo as actividades establecidas no convenio, así como aquelas derivadas das relacións contractuais, reservándose as dúas partes contratantes deste convenio o dereito ao exercicio das accións pertinentes tanto resolutorias como indemnizatorias no suposto de paralización dalgunha actividade.



DECIMO SEGUNDA. Subcontratación

Hogar y Clínica San Rafael é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. Non obstante, autorízase a subcontratación parcial ata un 25%, dos medios de apoio precisos para a debida execución da programación a subvencionar a través deste convenio, de acordo co recollido na memoria económica.

Hogar y Clínica San Rafael no seu caso, comunicará, a subcontratación á Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social. A estes efectos será de aplicación o establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMO TERCEIRA. Comisión de seguimento e control

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes do convenio. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e dous representantes da entidade Hogar y Clínica San Rafael, designados por cada unha das partes así como os seus suplentes.

A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración, designado pola Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade actuando como secretario un membro do propio órgano, designado pola persoa que asuma a Presidencia.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO CUARTA. Vixencia

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2021.

Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase a entidade Hogar y Clínica San Rafael dende o 1 de xaneiro de 2021 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.





DÉCIMO QUINTA. Obrigas da publicidade

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificación recollidas no presente instrumento de colaboración o Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

DÉCIMO SEXTA. Información básica sobre protección de datos persoais

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no propio convenio.

Os datos poderán comunicados a entidades do sector público institucional no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus





procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

DÉCIMO SÉTIMA. Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resultas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo de un mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.





Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes en triplicado exemplar no lugar e data expresado.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL

O REPRESENTANTE DE HOGAR Y
CLINICA SAN RAFAEL

Fabiola García Martínez

Daniel Juan Vieitez Solla

